

Doas de vidro e pasta vítrea nos fondos do Museo Provincial de Lugo

M.^a Ofelia Carnero Vázquez

Resumo: Con este pequeno estudo queremos sacar á luz a colección de doas en materia vítrea que se atopan expostas nas vitrinas da exposición permanente e nos almacéns do MPL.

Resumen: Con este pequeño estudio queremos sacar a la luz la colección de cuentas en materia vítrea que se encuentran expuestas en las vitrinas de la exposición permanente y en los almacenes del MPL.

Abstract: With this small study we bring to light the collection of accounts in the field vitreous exposed in the showcases of the permanent exhibition and store the MPL.

A pretensión deste traballo non é outra que a de dar a coñecer, de xeito agrupado, as doas de vidro e pasta vítrea que forman parte dos fondos arqueolóxicos do MPL. Pequenas pezas que moitas veces pasan desapercibidas, quizais polo seu pequeno tamaño, ou permanecen inéditas debido á falta de interese que este tipo de pezas esperta entre os investigadores, que no mellor dos casos limítanse a citalas ou a describilas superficialmente nas publicacións sobre os materiais dos xacementos arqueolóxicos.

Non imos tratar aquí en profundidade do proceso de fabricación do vidro¹, simplemente dicir que a maioría dos vidros antigos estaban compostos por sílice, sosa e cal. Unha vez triturados todos os elementos que compoñían o vidro para fusionalos e conseguir unha masa pastosa, case líquida, había que quentalos a unha temperatura mínima de 1000-1200 graos centígrados. A pasta de vidro é o resultado dun vidro cocido a baixa temperatura.

¹ CARRERAS ROSSELL, T.: «El vidrio antiguo. Técnicas de fabricación y decoración». En *A Fraxilidade do Tempo. O Vidrio na Antigüidade*. Museo de Belas Artes da Coruña, 2006.

Segundo os especialistas as primeiras producións de vidro dátanse cara a mediados do III milenio a. C., e consistían en pequenos obxectos de adorno, como doas de collar, pequenas perlas que imitaban pedras preciosas etc.

Estas pezas teñen unha cronoloxía moi ampla, dende a idade do bronce e a idade do ferro, perdurando ata a época romana tardía. A aparición destas pezas en contextos cronolóxicos moi dispares fai moi difícil outorgarlles unha cronoloxía precisa, e de feito a maioría dos investigadores, ata hai pouco, opinaban que se trataba de produtos importados do ámbito mediterráneo, estudos máis recentes considéranas xa como produtos locais². A maioría das doas vítreas depositadas no museo enmarcaríanse dentro do mundo galaicorromano.

Entre as doas depositadas no museo, atopamos un conxunto de procedencia diversa froito de achados casuais e por tanto descontextualizados, e outro grupo máis importante procedente dos depósitos de materiais arqueolóxicos das diversas intervencións arqueolóxicas entregadas no Museo nos últimos anos.

Das trinta e unha doas catalogadas destacan tres oculadas, é dicir, decoradas con «ollos», dúas que se conservan completas, son de cor azul mariña con decoración oculada branca e outra da que só se conserva a metade é de cor verde con decoración oculada azul e branca. As dúas primeiras son produto de achados casuais e por tanto sen un contexto arqueolóxico definido e a terceira peza forma parte dos materiais depositados procedentes dunha escavación de urxencia realizada na vila de Quinta da Grade en Chantada. Algúns investigadores outórganlle a estas doas un valor apotropaico, protector e máxico; críase que a xoia, ademais do seu efecto estético, protexía contra os malos espíritos e o mal de ollo.

O primeiro investigador que levou a cabo o primeiro estudo dedicado a técnica empregada para a elaboración das contas de «ollos» foi o investigador G. Eisen, que o publicou en 1916 no *American Journal of Archeology*, no que distingue tres categorías: simple, con «ollos» estratificados, na que encadraríamos as pezas do museo, e unha terceira denominada con «ollos mosaico».

Segundo a profesora E. Ruano³, quen cos seus estudos e publicacións conseguiu dotar a estas pequenas pezas de suficiente entidade, os «ollos» realizábanse colocando sobre a matriz unha gota de cristal e enrolándoa nela mentres a matriz estaba branda. Cando o «ollo» recibira tantas gotas superpostas como se quixera, as gotas alisábanse para permitir que as capas máis profundas aparecieran na superficie como aneis. Noutros casos parece que o «ollo» enteiro fíxose separadamente e foi introducido na matriz da doa premendo. Co tempo este proceso caeu en desuso e a técnica de cortar

² XUSTO RODRÍGUEZ, M.: «Vidrio de Gallaecia y del norte peninsular: Estado de la Cuestión». En *Jornadas sobre el vidrio en la España Romana*. Fundación Centro Nacional del Vidrio. Real Fábrica de Cristales, Segovia, 2004. Páxs. 225-258.

³ RUANO RUÍZ, E: «Cuentas policromas prerromanas decoradas con 'ojos', en *Espacio, Tiempo y Forma*, Serie II, *Historia Antigua*, t. 8, 1995. Páxs. 255-286.

variñas decoradas previamente permitía ao artesán producir «ollos» máis facilmente. Estas doas oculadas atribúense ao comercio púnico⁴.

Do resto das pezas destaca tamén pola súa cor azul turquesa unha doa agalloada procedente da Croa de Zoñán, en Mondoñedo. A maior parte das doas restantes son opacas, algunhas presentan a superficie erosionada e rugosa o que lles dá un aspecto mate e translúcido. Na catalogación incluímos tamén, con certa reserva, unha peza (núm. 06) que ofrece moitas dúbidas á hora de considerala como unha doa, tanto no que respecta ao material co que está feita, como pola forma en que sería utilizada debido á pequena perforación que presenta, pero ante a imposibilidade de poder realizar unha analítica detallada optamos por incluíla no catálogo.

Todas estas doas servirían para engarzar, xunto con outras moitas pezas e formar colares, aínda que as máis pequenas é posible que foran para pulseiras, sen descartar o uso das de maior tamaño como colgantes.

Futuros depósitos de materiais permitirán incrementar o número de pezas e ampliar esta catalogación.

Catálogo

Peza: doa

Uso: obxecto para o aderezo persoal

Núm. de catálogo: 01

Núm. de rexistro: 1093

Outros núms.: C.O.-2

Materia: vidro

Técnica: modelaxe sobre variña. Decoración aplicada en forma de ollos

Dimensións: diámetro 2,2 cm; diámetro de perforación 1 cm; altura 1,4 cm

Peso: 7,4 g

Procedencia: Castro de Longalai, Santiago de Ferroi, Guntín (Lugo)

Cultura: castrexa

Cronoloxía: ss. IV a. C.-I d. C.

Conservación: boa

Descrición: doa esférica, polícroma, oculada. Decorada con 7 «ollos» estratificados situados en zigzag en dous rexistros. O «ollo» está composto por unha pupila que sobresae, rodeada de tres aneis, de diferente grosor, que combinan as cores branca e azul.

Bibliografía: inédita

Observacións: a ficha antiga da peza, de 1941, descríbese como: «Cuenta de piedra hallada hace unos cuarenta años..., por Doña Carmen López». A peza foi doada ao Museo en 1941 polo seu fillo D. Domingo González López.

⁴ GONZÁLEZ RUIBAL, A.: «Un askós ibicenco en Galicia: Notas sobre el comercio púnico en el Noroeste ibérico», en *Complutum*, vol. 15, 2004. Páxs. 39-41.

Peza: doa

Uso: obxecto para o aderezo persoal

Núm. de catálogo: 02

Núm. de rexistro: 3873

Outros núms.: C.O.-5

Materia: vidro

Técnica: modelaxe sobre variña. Decoración aplicada en forma de ollos

Dimensións: diámetro 1,8 cm; diámetro de perforación 0,9 cm; altura 1,3 cm

Peso: 4,5 g

Procedencia: Finca Caderna, Santa María Alta (Lugo)

Cultura: castrexa

Cronoloxía: ss. IV a. C.-I d. C.

Conservación: boa

Descrición: doa esférica, policroma, oculada. Decorada con 7 «ollos», catro arredor dunha perforación e tres arredor doutra. O «ollo» está composto por tres aneis, de diferente grosor, que rodean a pupila, que sobresa un pouco. A cor de fondo da doa é azul mariño e os aneis que rodean a pupila azul combinan o branco e o azul.

Bibliografía: inédita

Observacións: na ficha vella, de 1961, descríbese como: «la Cuenta es de piedra lapislázuli». A peza foi doada por D. Ángel Maciñeira, que foi quen a atopou na finca Caderna, onde tamén apareceron machados de pedra pulida.

Peza: doa

Uso: obxecto para o aderezo persoal

Núm. de catálogo: 03

Núm. de rexistro: 1010 (4)

Outros núms.: C.O.-1

Materia: pasta vítrea (?)

Técnica: modelaxe sobre variña. Incisións

Dimensións: diámetro 2,4 cm; diámetro de perforación 0,9 cm; altura 2 cm

Peso: 10 g

Procedencia: Castro de Longalai, Santiago de Ferroi Guntín, (Lugo)

Cultura: castrexa

Cronoloxía: ss. III a. C.-I d. C.

Conservación: boa

Descrición: doa esférica, agalloada composta por 20 nervios, monocroma. Presenta unha forma algo irregular

Bibliografía: inédita

Observacións: foi doada ao Museo en 1940 por D. José González, xunto a tres fusaiolas

Peza: doa

Uso: obxecto para o aderezo persoal

Núm. de catálogo: 04
Núm. de rexistro: 5726
Outros núms.: C.O.-4
Materia: vidro
Técnica: modelaxe sobre variña
Dimensións: diámetro 2,4 cm; diámetro de perforación 0,8 cm; altura 0,8 cm
Peso: 6,5 g
Procedencia: finca próxima ao Castro de Longalai, Santiago de Ferroi, Guntín (Lugo)
Cultura: castrexa
Cronoloxía: ss. III a. C.-I d. C.
Conservación: boa
Descrición: doa anular, monocroma de cor marrón. Por unha das súas caras presenta escachados
Bibliografía: inédita
Observacións: doada en 1965, por D. José González

Peza: doa
Uso: obxecto para o aderezo persoal
Núm. de catálogo: 05
Núm. de rexistro: 3893
Outros núms.: —
Materia: pasta vítrea
Técnica: modelaxe sobre variña
Dimensións: diámetro 2,7 cm; diámetro de perforación 0,4 cm; altura 2,2 cm
Peso: 16,5 g
Procedencia: San Vicente de Castellós, Pantón (Lugo)
Cultura: galaico-romana
Cronoloxía: ss. I-IV d. C.
Conservación: boa
Descrición: doa esférica, monocroma, de cor marrón e perforación central
Bibliografía:
ARIAS VILAS, F.: «O Xacemento galaico-romano de Castellós (Lugo)». En *Finis Terrae*. «Estudios en lembranza do Prof. Dr. Alberto Balil», Santiago 1992, pp. 225-254.
PÉREZ LOSADA, F.: «Entre a cidade e a aldea: estudio arqueohistórico dos «aglomerados secundarios» romanos en Galicia». *Brigantium* V-13. Boletín do Museo Arqueolóxico e Histórico da Coruña, 2002.
Observacións: Doada en 1960 por D. José M.^a Rodríguez Losada, «señor Turulas», propietario do terreo no que se encontrou de forma casual, xunto cunha fusaiola. San Vicente de Castellós (Pantón), é un xacemento arqueolóxico do que proceden materiais arqueolóxicos diversos, se ben segue pendente dunha escavación intensiva que permita un estudo profundo do enclave.

Peza: doa

Uso: obxecto para o aderezo persoal

Núm. de catálogo: 06

Núm. de rexistro: 1080

Outros núms.: C.O.-3

Materia: pasta vítrea

Técnica: modelaxe sobre variña

Dimensións: diámetro 2,7 cm; altura 2,4 cm

Peso: 33,2 g

Procedencia: Castro de Longalai, Santiago de Ferroi, Guntín (Lugo)

Cultura: castrexa

Cronoloxía: ss. III a. C.-I d. C.

Conservación: boa

Descrición: doa esférica, monocroma de cor branca. Presenta unha perforación moi estreita, descentrada, pola que só se pode introducir un fío moi fino

Bibliografía: inédita

Observacións: peza doada en 1940 por D. José González. A ficha antiga descríbena como «Cuenta de cuarzo duro blanco cristalizado?»

Peza: doa

Uso: obxecto para o aderezo persoal

Núm. de catálogo: 07

Núm. de rexistro: 2009/153

Outros núms.: Cz.04-4874. Núm. de sección: 2005/03/01

Materia: pasta de vidro

Técnica: modelaxe sobre variña. Incisións

Dimensións: diámetro 1,7 cm; diámetro de perforación 0,8 cm; altura 1,8 cm

Peso: 3,6 g

Procedencia: Croa de Zoñán, Os Remedios, Mondoñedo (Lugo)

Cultura: galaico-romana

Cronoloxía: ss. II-IV d. C.

Conservación: boa

Descrición: doa esférica agalloada, composta por 18 nervios, monocroma de cor azul turquesa. Presenta escachados

Bibliografía:

VIGO GARCÍA, A.: *O Castro de Zoñán (Mondoñedo, Lugo). Escavacións 2002-2004*. Mondoñedo: Concello de Mondoñedo, 2007.

ALCORTA IRASTORZA, E. J. e CARNERO VÁZQUEZ, M.^a O.: *Arqueoloxía 1990-2005*. Museo Provincial de Lugo, Servizo de Publicacións da Deputación de Lugo. Lugo 2010, p. 123.

Observacións: Peza procedente da campaña de escavacións realizada no ano 2004 e dirixida polo arqueólogo D. Abel Vigo García. A peza é un depósito da Xunta de Galicia.

Peza: doa

Uso: obxecto para o aderezo persoal

Núm. de catálogo: 08

Núm. de rexistro: 2009/15

Outros núms.: CB-93(3508). *Núm. de sección:* 1993/10/1

Materia: vidro

Técnica: modelaxe sobre variña

Dimensións: diámetro: 0,9 cm; diámetro de perforación 0,3 cm; altura 0,6 cm

Peso: 0,7 g

Procedencia: Castro de Barán, Paradela (Lugo)

Cultura: castrexa

Cronoloxía: ss. I a. C.-II d. C.

Conservación: boa

Descrición: doa esférica, monocroma de cor azul mariño. Presenta un escachado pegado ao bordo dunha das bocas da perforación

Bibliografía:

ÁLVAREZ NÚÑEZ, A.: «Castro de Barán 93 (Informe de la intervención arqueológica)», en *Boletín do Museo Provincial de Lugo*, t. VII, vol. 2. 1995/96. Deputación Provincial de Lugo, pp. 33-63.

ALCORTA IRASTORZA, E. J. e CARNERO VÁZQUEZ, M.^a O.: *Arqueoloxía 1990-2005*. Museo Provincial de Lugo, Servizo de Publicacións da Deputación de Lugo. Lugo 2010, p. 92.

Observacións: a peza é un depósito da Xunta de Galicia. Procede da 3.^a Campaña de escavación do Castro de Barán, dirixida polo arqueólogo D. Antonio Álvarez Núñez.

Peza: doa

Uso: obxecto para o aderezo persoal

Núm. de catálogo: 09

Núm. de rexistro: 2009/15

Outros núms.: CB-93(3510). *Núm. de sección:* 1993/10/1

Materia: vidro

Técnica: modelaxe sobre variña

Dimensións: diámetro 0,5 cm; diámetro de perforación 0,2 cm; altura 0,25 cm

Peso: 0,2 g

Procedencia: Castro de Barán, Paradela (Lugo)

Cultura: castrexa

Cronoloxía: ss. I a. C.-II d. C.

Conservación: boa

Descrición: doa anular monocroma, de vidro incoloro, leva no seu interior unha finísima lámina de ouro

Bibliografía:

ÁLVAREZ NÚÑEZ, A.: «Castro de Barán 93 (Informe de la intervención arqueológica)», en *Boletín do Museo Provincial de Lugo*, t. VII, vol. 2, 1995/96, Deputación Provincial de Lugo, pp. 33 e 63.

ALCORTA IRASTORZA, E. J. e CARNERO VÁZQUEZ, M.^a O.: *Arqueoloxía 1990-2005*. Museo Provincial de Lugo, Servizo de Publicacións da Deputación de Lugo. Lugo 2010, p. 93.

Observacións: a peza é un depósito da Xunta de Galicia. Procedente da 3.^a campaña de intervención arqueolóxica efectuada no Castro de Barán e dirixida por D. Antonio Álvarez Núñez.

Peza: doa

Uso: obxecto para o aderezo persoal

Núm. de catálogo: 010

Núm. de rexistro: 2009/15

Outros núms.: CB-93(3511). Núm. de sección: 1993/10/1

Materia: vidro

Técnica: modelaxe sobre variña

Dimensións: diámetro 0,7 cm; diámetro de perforación 0,3 cm; altura 0,5 cm

Peso: 0,2 g

Procedencia: Castro de Barán, Paradela (Lugo)

Cultura: castrexa

Cronoloxía: ss. I a. C- II d. C.

Conservación: boa

Descrición: doa cilíndrica, monocroma de vidro incoloro, e con 10 protuberancias, colocadas en dúas filas de cinco alternadas en «tresbolillo». Vai recuberta por unha finísima lámina de ouro.

Bibliografía:

ÁLVAREZ NÚÑEZ, A.: «Castro de Barán 93 (Informe de la intervención arqueológica)», en *Boletín do Museo Provincial de Lugo*, t. VII, vol. 2, 1995/96, Deputación Provincial de Lugo, pp. 33-63.

ALCORTA IRASTORZA, E. J. e CARNERO VÁZQUEZ, M.^a O.: *Arqueoloxía 1990-2005*. Museo Provincial de Lugo, Servizo de Publicacións da Deputación de Lugo. Lugo 2010, p. 93.

Observacións: A peza é un depósito da Xunta de Galicia. Procede da 3.^a campaña de escavacións levadas a cabo no xacemento do Castro de Barán, dirixidas por D. Antonio Álvarez Núñez.

Peza: doa

Uso: obxecto para o aderezo persoal

Núm. de catálogo: 011

Núm. de rexistro: 2009/15

Outros núms.: CB-93(3513). Núm. de sección: 1993/10/1

Materia: pasta de vidro

Técnica: modelaxe sobre variña

Dimensións: diámetro 0,3 cm; diámetro de perforación 0,1,5 cm; altura 0,1 cm

Peso: inapreciable

Procedencia: Castro de Barán, Paradela (Lugo)

Cultura: castrexa

Cronoloxía: ss. I a. C.-II d. C.

Conservación: boa

Descrición: doa de reducidas dimensións, anular, monocroma de ton amarelo

Bibliografía:

ÁLVAREZ NÚÑEZ, A.: «Castro de Barán 93 (Informe de la intervención arqueológica)», en *Boletín do Museo Provincial de Lugo*, vol. 2, 1995/96, Deputación Provincial de Lugo, pp. 33-63.

ALCORTA IRASTORZA, E. J. e CARNERO VÁZQUEZ, M.^a O.: *Arqueoloxía 1990-2005*. Museo Provincial de Lugo, Servizo de Publicacións da Deputación de Lugo. Lugo 2010, p. 93.

Observacións: a peza é un depósito da Xunta de Galicia. Procede da 3.^a Campaña de escavacións levadas a cabo no xacemento do Castro de Barán e dirixida por D. Antonio Álvarez Núñez.

Peza: doa

Uso: obxecto para o aderezo persoal

Núm. de catálogo: 012

Núm. de rexistro: 2009/01

Outros núms.: CB-91 (2047). Núm. de sección: 1991/05/01

Materia: pasta de vidro

Técnica: modelaxe sobre variña

Dimensións: diámetro 0,6 cm; diámetro de perforación 0,3 cm; altura 0,4 cm

Peso: 0,2 g

Procedencia: Castro de Barán, Paradela (Lugo)

Cultura: castrexa

Cronoloxía: ss. I a. C.-II d. C.

Conservación: boa

Descrición: doa esférica, monocroma, de tonalidade amarela. Restos dunha burbulla

Bibliografía:

ÁLVAREZ NÚÑEZ, A.: «Castro de Barán 91 (Informe de la 1.^a intervención arqueológica)», en *Boletín do Museo Provincial de Lugo*, t. v, 1992, Deputación Provincial de Lugo, pp. 153-178.

ALCORTA IRASTORZA, E. J. e CARNERO VÁZQUEZ, M.^a O.: *Arqueoloxía 1990-2005*. Museo Provincial de Lugo, Servizo de Publicacións da Deputación de Lugo. Lugo 2010, p. 92.

Observacións: A peza é un depósito da Xunta de Galicia. Procede da 1.^a campaña de escavacións levadas a cabo no Castro de Barán, dirixida por D. Antonio Álvarez Núñez.

Peza: doa

Uso: obxecto para o aderezo persoal

Núm. de catálogo: 013

Núm. de rexistro: 2009/01

Outros núms.: CB-9I (2020). Núm. de sección: 1991/05/01

Materia: pasta de vidro

Técnica: modelaxe sobre variña

Dimensións: diámetro 1 cm; diámetro de perforación 0,4 cm; altura 0,5 cm

Peso: 0,6 g

Procedencia: Castro de Barán, Paradela, Lugo

Cultura: castrexa

Cronoloxía: ss. I a. C.-II d. C.

Conservación: boa

Descrición: doa anular con imperfeccións, monocroma de tonalidade amarela

Bibliografía:

ÁLVAREZ NÚÑEZ, A.: «Castro de Barán 9I (Informe de la 1.^a intervención arqueológica)», en *Boletín do Museo Provincial de Lugo*, t. v, 1992, Deputación Provincial de Lugo, p.p. 153-178.

ALCORTA IRASTORZA, E. J. e CARNERO VÁZQUEZ, M.^a O.: *Arqueoloxía 1990-2005*. Museo Provincial de Lugo, Servizo de Publicacións da Deputación de Lugo. Lugo 2010, p. 92.

Observacións: a peza é un depósito da Xunta de Galicia. Procede da 1.^a campaña de escavacións levadas a cabo no Castro de Barán, dirixida por D. Antonio Álvarez Núñez.

Peza: doa

Uso: obxecto para o aderezo persoal

Núm. de catálogo: 014

Núm. de rexistro: 2009/01

Outros núms.: CB-9I (2005). Núm. de sección: 1991/05/01

Materia: pasta de vidro

Técnica: modelaxe sobre variña

Dimensións: diámetro 0,5 cm; diámetro de perforación 0,3 cm; altura 0,2 cm

Peso: 0,1 g

Procedencia: Castro de Barán, Paradela, Lugo

Cultura: castrexa

Cronoloxía: ss. I a. C.-II d. C.

Conservación: regular

Descrición: doa anular, con perforación cilíndrica. Presenta moitas imperfeccións en toda a súa superficie

Bibliografía:

ÁLVAREZ NÚÑEZ, A.: «Castro de Barán 9I (Informe de la 1.^a intervención arqueológica)», en *Boletín do Museo Provincial de Lugo*, t. v, 1992, Deputación Provincial de Lugo, pp. 153-178.

ALCORTA IRASTORZA, E. J. e CARNERO VÁZQUEZ, M.^a O.: *Arqueoloxía 1990-2005*. Museo Provincial de Lugo, Servizo de Publicacións da Deputación de Lugo. Lugo 2010, p. 92.

Observacións: A peza é un depósito da Xunta de Galicia, procedente da 1.^a campaña de escavacións levada a cabo no Castro de Barán, por D. Antonio Álvarez Núñez.

Peza: doa

Uso: obxecto para o aderezo persoal

Núm. de catálogo: 015

Núm. de rexistro: 2009/07

Outros núms.: CB-92 (467 bis). Núm. de sección: 1992/10/01

Materia: pasta de vidro

Técnica: modelaxe sobre variña

Dimensións: altura 1,5 cm; anchura 1 cm; grosor 0,7 cm; diámetro de perforación 0,4 cm

Peso: 1 g

Procedencia: Castro de Barán, Paradela, Lugo

Cultura: castrexa

Cronoloxía: ss. II a. C.-I d. C.

Conservación: regular

Descrición: doa de pasta vítrea, de ton amarelento, que no seu proceso de fabricación debeu de sufrir unha deformación, dándolle unha aparencia de colgante marcada pola perforación na parte superior.

Bibliografía:

ÁLVAREZ NÚÑEZ, A.: «Castro de Barán 92 (Informe de la 2.^a intervención arqueológica)», en *Boletín do Museo Provincial de Lugo*, t. VI, 1993-1994, Deputación Provincial de Lugo, pp. 199-223.

ALCORTA IRASTORZA, E. J. e CARNERO VÁZQUEZ, M.^a O.: *Arqueoloxía 1990-2005*. Museo Provincial de Lugo, Servizo de Publicacións da Deputación de Lugo. Lugo 2010, p. 93.

Observacións: A peza é un depósito da Xunta de Galicia, procede da 2.^a campaña de escavacións realizadas no Castro de Barán, por D. Antonio Álvarez Núñez.

Peza: doa

Uso: obxecto para o aderezo persoal

Núm. de catálogo: 016

Núm. de rexistro: 2009/16

Outros núms.: CTS-93 (181). Núm. de sección: 1993/10/02

Materia: pasta vítrea

Técnica: modelaxe sobre variña.

Dimensións: diámetro 1,6 cm; diámetro de perforación 0,3 cm; altura 0,8 cm

Peso: 1,3 g

Procedencia: Castro da Torre, Sobredo, Folgoso do Courel (Lugo)

Cultura: galaico-romana

Cronoloxía: ss. I-IV d. C.

Conservación: boa

Descrición: Doa anular, monocroma de cor marrón mate. Presenta a superficie exterior cuarteada. Está feita coa mesma pasta vítrea que a peza núm. 017

Bibliografía:

ÁLVAREZ NÚÑEZ, A.: «Castro da Torre (Sobredo, O Caurel). Informe de intervención arqueolóxica de 1993», en Boletín do Museo Provincial de Lugo, t. VII, vol. 2, 1995/96. Deputación Provincial de Lugo, pp 9-32.

ALCORTA IRASTORZA, E. J. e CARNERO VÁZQUEZ, M.^a O.: *Arqueoloxía 1990-2005*. Museo Provincial de Lugo, Servizo de Publicacións da Deputación de Lugo. Lugo 2010, p. 105.

Observacións: A peza é un depósito da Xunta de Galicia. Procede da 1.^a Campaña de intervención arqueolóxica no Castro da Torre, realizada baixo a dirección de D. Antonio Álvarez Núñez.

Peza: doa fragmentada

Uso: obxecto para o aderezo persoal

Núm. de catálogo: 017

Núm. de rexistro: 2009/21

Outros núms.: CTS-94 (32). Núm. de sección: 1994/09/01

Materia: pasta de vidro

Técnica: modelaxe sobre variña

Dimensións: —

Peso: 0,3 g

Procedencia: Castro da Torre, Sobredo, Folgoso do Courel (Lugo)

Cultura: galaico-romana

Cronoloxía: ss. I-IV d. C.

Conservación: mala

Descrición: 4 fragmentos dunha doa de pequenas dimensións, de forma anular, monocroma de cor marrón mate polo exterior, sen embargo o interior é brillante, semellante ao ámbar. Ao estar fragmentada apréciase a estrutura cristalina interna.

Bibliografía: inédita

Observacións: a peza é un depósito da Xunta de Galicia. Procede da 2.^a campaña de intervención arqueolóxica no Castro da Torre, realizada baixo a dirección de D. Antonio Álvarez Núñez.

Peza: doa

Uso: obxecto para o aderezo persoal

Núm. de catálogo: 018

Núm. de rexistro: 2009/32

Outros núms.: CTS-95 (465). Núm. de sección: 1995/10/01

Materia: vidro

Técnica: modelaxe sobre variña

Dimensións: diámetro 0,8 cm; diámetro de perforación 0,2 cm; altura 0,6 cm

Peso: 0,6 g

Procedencia: Castro da Torre, Sobredo, Folgoso do Courel (Lugo)

Cultura: galaico-romana

Cronoloxía: ss. I-IV d. C.

Conservación: boa

Descrición: doa anular monocroma, de vidro incoloro, leva no seu interior unha fina lámina de ouro

Bibliografía:

ALCORTA IRASTORZA, E. J. e CARNERO VÁZQUEZ, M.^a O.: *Arqueoloxía 1990-2005*. Museo Provincial de Lugo, Servizo de Publicacións da Deputación de Lugo. Lugo, 2010, p. 105.

Observacións: A peza é un depósito da Consellería de Cultura. Procede da 3.^a campaña de intervención arqueolóxica no Castro da Torre, realizada baixo a dirección de D. Antonio Álvarez Núñez.

Peza: doa

Uso: obxecto para o aderezo persoal

Núm. de catálogo: 019

Núm. de rexistro: 2009/32

Outros núms.: CTS-95 (369). Núm. de sección: 1995/10/01

Materia: pasta de vidro

Técnica: modelaxe sobre variña. Incisións

Dimensións: diámetro 0,7 cm; diámetro de perforación 0,2 cm; altura 0,7 cm

Peso: 0,4 g

Procedencia: Castro da Torre, Sobredo, Folgoso do Courel (Lugo)

Cultura: galaico-romana

Cronoloxía: ss. I-IV d. C.

Conservación: boa

Descrición: doa cilíndrica que presenta dúas acanaladuras, no medio das cales ten cinco protuberancias

Bibliografía:

ALCORTA IRASTORZA, E. J. e CARNERO VÁZQUEZ, M.^a O.: *Arqueoloxía 1990-2005*. Museo Provincial de Lugo, Servizo de Publicacións da Deputación de Lugo. Lugo, 2010, p. 105.

Observacións: A peza é un depósito da Xunta de Galicia. Procede da 3.^a intervención arqueolóxica levada a cabo no Castro da Torre, baixo a dirección de D. Antonio Álvarez Núñez.

Peza: doa

Uso: obxecto para o aderezo persoal

Núm. de catálogo: 020.

Núm. de rexistro: 2009/38

Outros núms.: CTS-96 (562). Núm. de sección: 1996/09/01

Materia: pasta de vidro

Técnica: modelaxe sobre variña

Dimensións: diámetro 0,9 cm; diámetro de perforación: 0,4 cm; altura: 0,35 cm

Peso: 0,4 g

Procedencia: Castro da Torre, Sobredo, Folgoso do Courel (Lugo)

Cultura: galaico-romana

Cronoloxía: ss. I-IV d. C.

Conservación: boa

Descrición: doa anular, monocroma de ton amarelento. Presenta moitas imperfeccións e unha perforación irregular

Bibliografía:

ALCORTA IRASTORZA, E. J. e CARNERO VÁZQUEZ, M.^a O.: *Arqueoloxía 1990-2005*. Museo Provincial de Lugo, Servizo de Publicacións da Deputación de Lugo. Lugo, 2010, p. 106.

Observacións: A peza é un depósito da Xunta de Galicia. Procede da 4.^a Campaña de intervención arqueolóxica no Castro da Torre, realizada baixo a dirección de D. Antonio Álvarez Núñez.

Peza: doa

Uso: obxecto para o aderezo persoal

Núm. de catálogo: 021

Núm. de rexistro: 2009/42

Outros núms.: CSM.IV.95.3.12. Núm. de sección: 1996/12/02

Materia: pasta de vidro

Técnica: modelaxe sobre variña

Dimensións: diámetro 1,2 cm; grosor 0,4 cm; diámetro de perforación 0,3 cm

Peso: 0,5 g

Procedencia: Castro de Santa María do Castro, Cervantes (Lugo)

Cultura: galaico-romana

Cronoloxía: ss. I-IV d. C.

Conservación: regular, fragmentada en dúas metades

Descrición: doa de forma anular, con perforación cilíndrica. Presenta un descascado nunha das roturas

Bibliografía:

ALCORTA IRASTORZA, E. J. e CARNERO VÁZQUEZ, M.^a O.: *Arqueoloxía 1990-2005*. Museo Provincial de Lugo, Servizo de Publicacións da Deputación de Lugo. Lugo, 2010, p. 141.

Observacións: a peza é un depósito da Xunta de Galicia. Procede da 1.^a campaña de escavación, consolidación e acondicionamento do Castro de Santa María do Castro, levada a cabo no ano 1995 por D. Luis F. López González.

Peza: doa

Uso: obxecto para o aderezo persoal

Núm. de catálogo: 022

Núm. de rexistro: 2009/84

Outros núms.: CSM.XVIII/A.99.18.1. *Núm. de sección:* 2000/02/01

Materia: pasta de vidro

Técnica: modelaxe sobre variña

Dimensións: diámetro 1,6 cm; grosor 0,5 cm; diámetro de perforación 0,3 cm

Peso: 1 g

Procedencia: Castro de Santa María do Castro, Cervantes (Lugo)

Cultura: galaico-romana

Cronoloxía: ss. I-IV d. C.

Conservación: boa

Descrición: doa de forma anular, con perforación cilíndrica. Presenta os bordos moi irregulares

Bibliografía:

ALCORTA IRASTORZA, E. J. e CARNERO VÁZQUEZ, M.^a O.: *Arqueoloxía 1990-2005*.

Museo Provincial de Lugo, Servizo de Publicacións da Deputación de Lugo, Lugo, 2010, p. 141.

Observacións: a peza é un depósito da Xunta de Galicia. Procede da 3.^a campaña de escavación, consolidación e acondicionamento do Castro de Santa María do Castro, levada a cabo no ano 1999 por D. Luis F. López González.

Peza: doa

Uso: obxecto para o aderezo persoal

Núm. de catálogo: 023

Núm. de rexistro: 2009/84

Outros núms.: CSM.XVII.99.4.1. *Núm. de sección:* 2000/02/01

Materia: pasta de vidro

Técnica: modelaxe sobre variña

Dimensións: diámetro 0,9 cm; grosor 0,3 cm; diámetro de perforación 0,3 cm

Peso: 0,2 g

Procedencia: Castro de Santa María do Castro, Cervantes (Lugo)

Cultura: galaico-romana

Cronoloxía: ss. I-IV d. C.

Conservación: boa

Descrición: doa de forma anular, con perforación cilíndrica. Monocroma de cor marrón. Presenta os cantos redondeados

Bibliografía: inédita

Observacións: a peza é un depósito da Xunta de Galicia. Procede da 3.^a campaña de escavación, consolidación e acondicionamento do Castro de Santa María do Castro, levada a cabo no ano 1999 por D. Luis F. López González.

Peza: doa

Uso: obxecto para o aderezo persoal

Núm. de catálogo: 024

Núm. de rexistro: 2009/84

Outros núms.: CSM.XVII.99.4.2. *Núm. de sección:* 2000/02/01

Materia: pasta de vidro

Técnica: modelaxe sobre variña

Dimensións: diámetro 0,8 cm; grosor 0,2 cm; diámetro de perforación 0,3 cm

Peso: 0,1 g

Procedencia: Castro de Santa María do Castro, Cervantes (Lugo)

Cultura: galaico-romana

Cronoloxía: ss. I-IV d. C.

Conservación: boa

Descrición: doa de forma anular, con perforación cilíndrica. Monocroma de cor marrón

Bibliografía: inédita

Observacións: a peza é un depósito da Xunta de Galicia. Procede da 3.^a campaña de escavación, consolidación e acondicionamento do Castro de Santa María do Castro, levada a cabo no ano 1999 por D. Luis F. López González.

Peza: doa

Uso: obxecto para o aderezo persoal

Núm. de catálogo: 025

Núm. de rexistro: 2009/84

Outros núms.: CSM.XVII.99.4.3. *Núm. de sección:* 2000/02/01

Materia: pasta de vidro

Técnica: modelaxe sobre variña

Dimensións: diámetro 1 cm; grosor 0,3 cm; diámetro de perforación 0,2 cm

Peso: 0,2 g

Procedencia: Castro de Santa María do Castro, Cervantes (Lugo)

Cultura: galaico-romana

Cronoloxía: ss. I-IV d. C.

Conservación: boa

Descrición: doa de forma anular, con perforación cilíndrica. Monocroma de cor marrón

Bibliografía: inédita

Observacións: a peza é un depósito da Xunta de Galicia. Procede da 3.^a campaña de escavación, consolidación e acondicionamento do Castro de Santa María do Castro, levada a cabo no ano 1999 por D. Luis F. López González.

Peza: doa

Uso: obxecto para o aderezo persoal

Núm. de catálogo: 026

Núm. de rexistro: 2009/84

Outros núms.: CSM.XVII.99.4.4. *Núm. de sección:* 2000/02/01

Materia: pasta de vidro

Técnica: modelaxe sobre variña

Dimensións: diámetro 1,9 cm; grosor 0,6 cm; diámetro de perforación 0,3 cm

Peso: 1,4 g

Procedencia: Castro de Santa María do Castro, Cervantes (Lugo)

Cultura: galaico-romana

Cronoloxía: ss. I-IV d. C.

Conservación: boa

Descrición: doa de forma anular, con perforación cilíndrica. Monocroma de cor marrón

Bibliografía: inédita

Observacións: a peza é un depósito da Xunta de Galicia. Procede da 3.^a campaña de escavación, consolidación e acondicionamento do Castro de Santa María do Castro, levada a cabo no ano 1999 por D. Luis F. López González.

Peza: doa

Uso: obxecto para o aderezo persoal

Núm. de catálogo: 027

Núm. de rexistro: 2009/84

Outros núms.: CSM.XVII.99.4.5. Núm. de sección: 2000/02/01

Materia: pasta de vidro

Técnica: modelaxe sobre variña

Dimensións: diámetro 1,1 cm; grosor 0,3 cm; diámetro de perforación 0,3 cm

Peso: 0,3 g

Procedencia: Castro de Santa María do Castro, Cervantes (Lugo)

Cultura: galaico-romana

Cronoloxía: ss. I-IV d. C.

Conservación: boa

Descrición: doa de forma anular, con perforación cilíndrica. Monocroma de cor marrón

Bibliografía: inédita

Observacións: a peza é un depósito da Xunta de Galicia. Procede da 3.^a campaña de escavación, consolidación e acondicionamento do Castro de Santa María do Castro, levada a cabo no ano 1999 por D. Luis F. López González.

Peza: doa

Uso: obxecto para o aderezo persoal

Núm. de catálogo: 028

Núm. de rexistro: 2009/17

Outros núms.: R93-178. Núm. de sección: 1993/11/01

Materia: pasta de vidro

Técnica: modelaxe sobre variña

Dimensións: diámetro 0,6 cm; diámetro de perforación 0,3 cm; altura 0,4 cm

Peso: 0,2 g

Procedencia: Rúa da Raíña, 15. Lugo

Cultura: romana

Cronoloxía: ss. I-IV d. C.

Conservación: boa

Descrición: doa anular, monocroma de ton alaranxado, con perforación central e aspecto poroso.

Bibliografía:

GALÁN SAULNIER, C. e POYATO HOLGADO, M.^a C.: «Arqueología Urbana en Lugo: una aportación a la historia de la Calle de la Reina», en *CUPAUAM*, núm. 24, 1977, pp. 279-318.

ALCORTA IRASTORZA, E. J. e CARNERO VÁZQUEZ, M.^a O.: *Arqueoloxía 1990-2005*. Museo Provincial de Lugo, Servizo de Publicacións da Deputación de Lugo. Lugo, 2010, p. 205.

Observacións: Peza procedente da sondaxe arqueolóxica de urxencia realizada en 1993 pola empresa Archeosystem.

Peza: doa de colar

Uso: obxecto para o aderezo persoal

Núm. de catálogo: 029

Núm. de rexistro: 2009/04

Outros núms.: PQA.1A.91.4.7. *Núm. de sección:* 1992/02/01

Materia: vidro

Técnica: modelaxe sobre variña. Decoración aplicada en forma de ollos

Dimensións: diámetro 1,9 cm; diámetro de perforación 1 cm; altura: 1,6 cm

Peso: 4,1 g

Procedencia: O Pedregal, Quinta da Grade, San Vicente da Grade, Chantada, Lugo

Cultura: romana

Cronoloxía: s. IV d. C.

Conservación: boa

Descrición: metade dunha doa esférica, polícroma, oculada. A cor de fondo é verde, cor que se consegue mesturando minerais de cobre e de ferro, e os 3 «ollos» que se conservan completos están compostos por unha pupila azul rodeada dun anel branco, mentres que nun fragmento doutro «ollo», situado no bordo da rotura, aprécia-se unha composición formada por unha pupila azul e tres aneis alternando as cores branca, azul e branca.

Bibliografía:

ALCORTA IRASTORZA, E. J. e CARNERO VÁZQUEZ, M.^a O.: *Arqueoloxía 1990-2005*. Museo Provincial de Lugo, Servizo de Publicacións da Deputación de Lugo. Lugo, 2010, p. 219.

Observacións: Depósito da Xunta de Galicia. Esta peza procede dunha intervención de urxencia realizada nos restos da vila romana de «Quinta da Grade», en 1991, baixo a dirección de D. Luis F. López González.

Peza: doa

Uso: obxecto para o aderezo persoal

Núm. de catálogo: 030

Núm. de rexistro: 2009/04

Outros núms.: PQA.1.91.1/ Núm. de sección: 1992/02/01

Materia: vidro

Técnica: modelaxe sobre variña

Dimensións: diámetro 0,5 cm; diámetro de perforación 0,2 cm; altura 0,2 cm

Peso: 0,2 g

Procedencia: O Pedregal, Quinta da Grade, San Vicente da Grade, Chantada, Lugo

Cultura: romana

Cronoloxía: s. IV d. C.

Conservación: boa

Descrición: doa esférica, monocroma, de cor azul

Bibliografía:

ALCORTA IRASTORZA, E. J. e CARNERO VÁZQUEZ, M.^a O.: *Arqueoloxía 1990-2005*.

Museo Provincial de Lugo, Servizo de Publicacións da Deputación de Lugo. Lugo, 2010, p. 219.

Observacións: A peza é un depósito da Xunta de Galicia. Peza procedente dunha intervención de urxencia levada a cabo no ano 1991 no xacemento de «Quinta da Grade», baixo a dirección de D. Luis F. López González.

Peza: doa

Uso: obxecto para o aderezo persoal

Núm. de catálogo: 031

Núm. de rexistro: 2009/23

Outros núms.: AP94. Sec-C.915. Núm. de sección: 1995/03/01

Materia: pasta de vidro

Técnica: modelaxe sobre variña. Incisións

Dimensións: altura 1,5 cm; anchura 1,6 cm

Peso: 2 g

Procedencia: Agro de Parapar, Barbaín, Lugo

Cultura: romana

Cronoloxía: ss. II-IV d. C.

Conservación: regular

Descrición: fragmento de doa esférica, agalloada, conserva sete dos nervios, monocroma de cor azul verdosa. Presenta a superficie moi erosionada.

Bibliografía:

ALCORTA IRASTORZA, E. J. e CARNERO VÁZQUEZ, M.^a O.: *Arqueoloxía 1990-2005*.

Museo Provincial de Lugo, Servizo de Publicacións da Deputación de Lugo. Lugo, 2010, p. 219.

Observacións: A peza é un depósito da Xunta de Galicia, procedente dunhas sondaxes de urxencia, levadas a cabo no ano 1994, baixo a dirección de D. Santiago Ferrer Sierra.

Bibliografía

- BARTHELEMY, MANUELA. «El vidrio Fenicio-Púnico en la Península Ibérica y Baleares», en *Producciones artesanales Fenicio-Púnicas*. VI Jornadas de Arqueología Fenicio-Púnica (Ibiza 1991). Trabajos del Museo arqueológico de Ibiza núm. 27. Ibiza, Consellería de Cultura, Educació i Esports. Govern Balear, 1992. pp. 29-40.
- BERTONCELJ-KUCAR, V.: «Nakit iz stekla in jantarja» (Adornos de vidrio y ámbar), en *Arheoloski Vestnik XXX*, 1979. pp. 254-272.
- CARBALLO CALERO, L. X.: «Contas de colar de pasta vítrea», en *Catálogo dos materiais arqueolóxicos do museo do Castro de Santa Trega. Idade do Ferro*. Deputación Provincial de Pontevedra, 1989. pp. 39-43.
- CASAL GARCÍA, RAQUEL. «As xoias e adornos Romanos en Galicia», en *Galicia Terra Única. Galicia Castrexa e Romana*. Lugo, Consellería de Cultura e Comunicación Social, 1997, pp. 267-273.
- CASAL GARCÍA, R. e PAZ LOBEIRAS, R.: «Un collar de ámbar Suévico en Vigo», en *Gallaecia 16*, 1997, pp. 315-322.
- GONZÁLEZ RUIBAL, A.: «Un askós ibicenco en Galicia: Notas sobre el comercio púnico en el Noroeste ibérico», en *Complutum*, vol. 15. Servicio de Publicaciones Universidad Complutense, Madrid, 2004, pp.33-43.
- GUILLÉN, J. *Vrbs Roma. Vida y costumbres de los romanos. I La vida Privada*. Ediciones Sígueme, Salamanca, 1997.
- HAEVERNICK, T. E.: «Cuentas de vidrio en el Museo Arqueológico Nacional de Madrid», en *Archivo Español de Arqueología*, xxxiv, Madrid, 1961, pp. 209-210.
- HERVES REIGOSO, F. M.: «Doas de Collar», en *Excavaciones Arqueológicas en Aquis Querquensis. Actuaciones en el campamento romano (1975-2005) (Anejos de Larouco, 4)*, 2006, pp. 612-624.
- MADARIAGA GARCÍA, B. «Vidrio romano en los castros del occidente de Asturias», en *Jornadas sobre el vidrio en la España Romana*. Fundación Centro Nacional del Vidrio. Real Fábrica de Cristales, Segovia, 2004, pp. 213-224.
- PORTO TENREIRO, Y. «Doas de pasta vítrea de Castrolandín (Cuntis, Pontevedra)», en *Croa*, Boletín da asociación de amigos do Museo do Castro de Viladonga, núm. 17, 2007, pp. 54-65.
- RUANO RUÍZ, E.: «Cuentas policromas prerromanas decoradas con «ojos», en *Espacio, Tiempo y Forma, Serie II, Historia Antigua*, t. 8, 1995, pp. 255-286.
- RUANO RUÍZ, E.: «Las Cuentas de vidrio Prerromanas del Museo Arqueológico de Ibiza y Formentera». *Treballs del Museu Arqueològic D'Eivissa i Formentera*, núm. 36. Ibiza, Govern Balear, Conselleria d'Educació, Cultura i Esports, 1996.
- RUANO RUÍZ, E.: «Las Cuentas de collar», en *Vidrios del Puig des Molins (Eivissa)*. *La Colección de D. José Costa «Picarol»*, *Treballs del Museu Arqueològic D'Eivissa i Formentera*, núm. 37. Ibiza, Govern Balear, Conselleria d'Educació, Cultura i Esports, 1997, pp. 101-119

- RUANO RUÍZ, E., HOFFMAN P. e RINCÓN, J. M.^a: «Aproximación al estudio del vidrio prerromano: los materiales procedentes de la Necrópolis Ibérica de el Cigarralejo (Mula, Murcia). Composición Química de varias Doas de collar», en *Trabajos de Prehistoria*, núm. 52, núm. 1, 1995, pp. 189-206.
- SUÁREZ PIÑEIRO, A. M.^a: «Otium: Vivir para gozar», en *A vida cotiá na Galicia Romana*. Santiago: Edicións Lóstrego, 2006, pp. 144-149.
- VV.AA.: «Estudio do material arqueolóxico procedente da villa romana de Noville (Mugardos, A Coruña)», en *MINIVS I*, 1992, pp. 57-88.
- VV.AA.: *Joyas Prerromanas de Vidrio*. Catálogo exposición Real Fábrica de Cristales de la Granja, 2000.
- VV.AA.: *A fragilidade no tempo. O vidro na antigüidade*. Museo de Belas Artes da Coruña. Xunta de Galicia, Consellería de Cultura e Deporte, 2006.
- XUSTO RODRÍGUEZ, M.: *O Vidro Provincial Galaicorromano*. Monografías da Universidade de Vigo núm. 39. Vigo: Universidade de Vigo, Servizo de Publicacións, 2001.
- XUSTO RODRÍGUEZ, M.: «Vidrio de Gallaecia y del norte peninsular: Estado de la cuestión», en *Jornadas sobre el vidrio en la España Romana*. Fundación Centro Nacional del Vidrio. Real Fábrica de Cristales, Segovia, 2004, pp. 225-258.